

ORZAMENTO 2020

Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela

MEMORIA

1. Introducción

O Estatuto do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela establece, no seu artigo 67, entre as atribucións da Xunta de Goberno a de “redactar os orzamentos e render contas anuais” (apartado d, 2º).

O artigo 91 recolle que na segunda xunta xeral ordinaria (segunda do ano) se dará lectura e se aprobará, se procede, o orzamento formado pola Xunta de Goberno para o seguinte ano.

O proxecto de orzamento do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela para o exercicio 2020, que se presenta e se somete á aprobación da Xunta Xeral Ordinaria, supón a valoración económica das actividades que esta institución ten previsto desenvolver durante o próximo exercicio de acordo coa execución dos seus fins de actuación.

Este orzamento, tanto na súa forma coma no seu contido, representa a vontade de seguir avanzando na modernización do Colexio de Avogados, nos seus mecanismos de xestión e, sobre todo, en adaptar a súa infraestrutura ás novas tecnoloxías. Cobra centralidade o gasto destinado á formación continua dos colexiados ou o investimento en recursos telemáticos.

O proxecto de orzamento para o exercicio 2020 foi confeccionado consonte as normas de adaptación do Plan xeral de contabilidade e as normas de información orzamentaria de entidades sen ánimo de lucro.

Este orzamento é continuísta, cunha pequena diminución con respecto ao do exercicio anterior como consecuencia do axuste das partidas de gasto tendo en conta os gastos realizados en anualidades anteriores. O seu obxectivo básico é garantir as prestacións dos servizos que ofrece o Colexio, de acordo coas fontes de financiamento coas que contamos, destacando os traballos e os investimentos que se realizarán no ámbito da formación continua dos colexiados e das novas tecnoloxías.

2. Estado de gastos

Os gastos ascenden a 871.288 €.

As variacións máis importantes en relación co orzamento do exercicio anterior son as seguintes:

- Incrementábase un 10 % a partida correspondente á póliza do seguro de responsabilidade civil, tras a renovación anual da póliza e debido ao incremento dun 10 % de sinistralidade. Para este exercicio incrementábase a achega que o Colexio destina á póliza deste seguro de responsabilidade civil (un incremento de 20.000 €), polo que o total da dita achega pasa a ser de 50.000 euros anuais.
- Incrementábase un ano máis a partida correspondente a formación, xornadas e cursos, co fin de continuar a liña marcada de ofrecer unha programación adecuada en formación continua para os colexiados.

- Redúcese a partida “Congresos e outras actividades” xa que para este ano non se prevé a realización de ningún congreso de ámbito nacional.
- Incrementábase a partida “Mantemento informático” xa que para o exercicio 2020 está prevista a posta en marcha dunha App (aplicación para dispositivos móbiles) para facilitar e potenciar a comunicación de todos os colexiados co Colexio.
- Incrementábase considerablemente a partida “Biblioteca” debido á inclusión nesta partida das subscricións das bases de datos e da biblioteca online da páxina web do Colexio, a disposición de todos os colexiados e colexiadas.
- Redúcese a partida correspondente a “Gastos de persoal” debido á baixa por enfermidade dunha das traballadoras, polo que o custo para a empresa é menor.
- O resto das partidas non sofren modificacións importantes, axustándose en boa medida ao gasto realizado en exercicios anteriores.

3. Estado de ingresos

Os ingresos ascenden a 871.288 €.

As variacións máis importantes en relación co exercicio anterior son as seguintes:

- As cotas colexiais periódicas non sofren ningunha modificación. Non se lle aplicará o incremento do IPC.
- A cota de incorporación, de alta tanto para exercentes como para non exercentes, quedan fixadas coma no exercicio anterior en 300 euros.
- Redúcese en 20.000 euros a partida “Cotas do seguro de responsabilidade civil” xa que por acordo da Xunta de Goberno incrementouse a achega que o Colexio asigna á póliza do seguro de responsabilidade civil, incrementada en 20.000 euros máis, polo que o total da dita achega é de 50.000 euros ao ano, que se reparte a partes iguais entre todos os colexiados asegurados.
- Redúcese a partida correspondente a “Cotas de incorporación”, xa que nos dous últimos anos o número de novas incorporacións como colexiados baixou considerablemente.
- Redúcese considerablemente a partida correspondente a publicidade e patrocinios, xa que este ano non está previsto realizar actos que se financien con este tipo de patrocinios (175 aniversario p. ex.).
- Incrementábase as partidas correspondentes a “Emisión de ditames e informes” e “Outros ingresos”, debido ao incremento do número de informes que se realizan para taxacións de custas, así como dos informes periciais relacionados con reclamacións xudiciais de honorarios.
- As demais partidas non sofren cambios significativos.

Conclusións

Elaborouse un orzamento de gastos e ingresos continuísta e adecuado á situación financeira desta institución, asegurando sempre o bo funcionamento da corporación e o mantemento de todos os seus servizos.

Por todo isto, e co obxecto de atender as diversas obrigas que son competencia do Colexio, a Xunta de Goberno propón á Xunta Xeral a aprobación deste orzamento de gastos e ingresos para o exercicio 2020.

ORZAMENTO 2020

| GASTOS | | 871.288 |
|-----------------------------|----------------------------------------------------------------|----------------|
| | I. SERVIZOS E ACTIVIDADES | 306.092 |
| | 1.1 ACTIVIDADE ORDINARIA | 50.000 |
| 601.2 601.3 601.1 654 | 1.1.a. Actos corporativos organizados polo Colexio | 42.000 |
| 651.1, 651.2 | 1.1.b Actos corporativos non organizados polo Colexio | 8.000 |
| | 1.2 OUTRAS ACTIVIDADES | 193.092 |
| 625.1,625.4 | 1.2.b Seguro responsabilidade civil | 181.842 |
| 625.2 | 1.2.c Outros seguros, accidentes queda de oficio | 5.000 |
| 625.5 | 1.2.d Póliza decesos | 3.750 |
| 625 | 1.2.e Primas de seguros (local e seguro comunidade) | 2.500 |
| | 1.3 OUTROS SERVIZOS | 63.000 |
| 6292, 65,7 | 1.3.a Congresos e outras actividades | 10.000 |
| 6291 ,6291.1 ,6291.2, 623,1 | 1.3.b Formación, xornadas e cursos, clases de inglés, curso VX | 50.000 |
| 65 | 1.3.c Bolsas Escola de Práctica Xurídica | 3.000 |
| | II. GASTOS XERAIS E DE ADMINISTRACIÓN | 207.100 |
| | 2.1 SERVIZOS DE PROFESIONAIS INDEPENDENTES | 64.000 |
| 623 629.14 | 2.1.a. Xestoría, asesoría contable e gab.comunicación | 15.000 |
| 649.1, 649.4, 623.5 | 2.1.b Letrados, mediación, IGVS | 49.000 |
| 649 ,649.3 | 2.1.c Gastos desprazamentos queda de oficio | |
| | 2.2 GASTOS SEDE COLEXIAL | 27.900 |
| 622.1, 622,2 | 2.2.a Reparacións e conservación (limpeza e outros) | 18.000 |
| 622.3 | 2.2.b Sistemas de seguridade | 600 |
| 6282 | 2.2.c Auga e outros | 300 |
| 6281 | 2.2.d Electricidade | 9.000 |
| | 2.3 GASTOS OFICINA | 35.000 |
| 602 | 2.3.a Material de oficina | 10.000 |
| 6028007, 6028010 | 2.3.b Mantemento informático (SIGA e Regtel) | 18.000 |
| 629 | 2.3.c Gastos diversos | 4.000 |
| | 2.3.d Material informático | 3.000 |
| | 2.4 COMUNICACIÓNS | 12.600 |
| 629.6, 629.2 | 2.4.a. Mensaxería e correos | 7.000 |
| 6283.1 ,628.3 ,6283.3 | 2.4.b Telefonía | 5.000 |
| 629.5 | 2.5.d Outros | 600 |
| | 2.5 ARRENDAMENTOS | 4.100 |
| 621.6 | 2.5. a Renting | 4.100 |
| | 2.6 BIBLIOTECA | 55.000 |
| 6028006 | 2.6.a. Adquisición libros (códigos e outros) | 5.000 |

| | | |
|--------------------------|---------------------------------------------------------------------------|----------------|
| 6293000 | 2.6. b Biblioteca on line e bases de datos biblioteca | 15.000 |
| | 2.6.c Bases de datos - web | 35.000 |
| | 2.7. OUTROS GASTOS COLEXIAIS | 8.500 |
| 629.7 | 2.7.a Guía colexial | 3.000 |
| 629.8 | 2.7.b Carné colexial | 1.500 |
| 629.11 | 2.7.c Adquisición de togas | 2.000 |
| 629,13 | 2.7.d Revista colexial | 1.000 |
| 629,1 | 2.7.e Páxina web - mantemento | 1.000 |
| | III. PERSOAL | 290.000 |
| | 3.1. GASTOS DE PERSOAL | 279.332 |
| 64 ,641 | 3.1.a Soldos e salarios | 198.572 |
| 642 | 3.1.b Seguridade Social | 60.000 |
| 64.25 | 3.1.c Gastos de persoal EPX | 20.760 |
| | IV. OUTROS GASTOS | 3.000 |
| | 4.1.OUTROS GASTOS | 3.000 |
| 631 | 4.1.a. Contribucións e impostos | 2.000 |
| 678 | 4.1.b Gastos extraordinarios | 1.000 |
| | V. TRANSFERENCIAS CONSELLOS E CENSOS | 75.764 |
| | 5.1 TRANSFERENCIAS CONSELLOS | 75.764 |
| 620 | 5.1. Censo Consello Xeral Avogacía Española | 54.704 |
| 620.1 | 5.2. Censo Consello Avogacía Galega | 21.060 |
| | INGRESOS | 871.288 |
| | I.- INGRESOS PROPIOS | 850.030 |
| | 1.1PRESTACIÓN DE SERVICIOS | 148.142 |
| 705.7 | 1.1.a. Ditames e informes | 6.000 |
| 705,3, 721,5 | 1.1.c Cursos e xornadas (clases inglés) | 4.500 |
| 705.4,705.5,705.9, 754.0 | 1.1.d Outros ingresos | 5.500 |
| 721,6 | 1.1.e Cotas seguro resp. civil | 131.842 |
| 705.6 | 1.1.f P.I. Catastral | 300 |
| | 1.2 COTAS COLEXIAIS | 566.000 |
| 721.2 | 1.2.a. Cotas de incorporación | 5.000 |
| 721,1 | 1.2.b Cotas periódicas | 485.000 |
| 721.4 | 1.2.c Cotas censos CXAE e CAG | 76.000 |
| | 1.3 INGRESOS POR SUBVENCIONES | 135.888 |
| 74.1, 74.2 | 1.3.a Infraestrutura quenda de oficio e SOX | 70.000 |
| 74.3 | 1.3.b. Subvencións Xunta de Galicia (galego e mediación familiar e penal) | 57.000 |
| 741 | 1.3.c Outras subvencións (Concello – vía previa) | 8.888 |
| | II.- INGRESOS FINANCIEROS | 500 |
| | 2.1. XUROS CONTA CORRENTE | 500 |

| | | |
|---------------|---------------------------------------|---------------|
| | III.-OUTROS INGRESOS | 20.758 |
| | | |
| | 3.1. VARIOS | 17.758 |
| 755 | 3.1.a San Raimundo | 10.000 |
| 759,778 754,1 | 3.1.b Outros ingresos | 5.000 |
| | 3.1.c Códigos (venta de códigos) | 2.758 |
| | | |
| | 3.2 PATROCINIOS E PUBLICIDADE | 3.000 |
| 723 | 3.2.a Publicidade guía colexial e web | 3.000 |

